


Campaña de sensibilización para a separación de biorresiduos en orixe



**CONCELLO DE
SANTA COMBA**
TERRA DE XALLAS

“Do solo á mesa e viceversa”

Santa Comba aposta pola valorización de biorresiduos (descartes alimenticios de fogares e restaurantes, e restos vexetais de xardíns) co obxectivo de ser un concello máis sostible, cubrindo as necesidades presentes sen comprometer as futuras.

Para elo, débese cambiar a filosofía de *comprar-usar-tirar* pola de comprar-usar-reciclar xa que queremos ser un exemplo para as xeracións futuras, os concellos veciños e manter unha Galicia verde e sa.

O cambio está en cada persoa e dende o concello realizamos esta campaña para informaros como podeades axudar en 3 simples pasos:

1. Acudindo ás charlas informativas coa familia e recoller o caldeiro do lixo e as bolsas para a túa casa.
2. Recollendo a chave do colector marrón (biorresiduos) no concello
3. Depositando a bolsa chea de biorresiduos no colector marrón da rúa

Ós bares, restaurantes e colexios acudirase persoalmente co material necesario para a implantación da recollida selectiva de biorresiduos nas súas cociñas.

“Do solo á mesa e viceversa”

QUE É

É a implementación do sistema de segregación de biorresiduos en orixe

COMO

Comézase cunha campaña informativa e explicativa dos biorresiduos onde se regalan os materiais necesarios para a separación adecuada nas vivendas e locais xeradores

CANDO

Realizarase un coloquio informativo o venres 22 de Outubro
ás 20:00 horas no multiusos

A separación na casa é labor de tódolos días

POR QUE

Porque a xestión de residuos ten altos custos económicos

Porque os vertedoiros están cheos, e non queremos máis

Porque se debe coidar o futuro das novas xeracións

ATA CANDO

Desexamos que sexa de por vida

¡Vémonos o 22 de Outubro no multirosos!
Recorda que un residuo orgánico é un recurso



Calquera dúbida que teñas podes consultala de forma presencial na oficina de medioambiente do concello, no teléfono 981880075 ou no correo electrónico medioambiente@santacomba.es